

NOTA INFORMATIVA DE PROCESOS SELECTIVOS

A Disposición Adicional Segunda da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas publicada no DOG núm. 19, do 29 de xaneiro, faculta ao titular da consellería competente en materia de Función Pública, para establecer medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria.

Froito de dita habilitación, publícase a **previsión** das datas e lugares nos que esta previsto que se realicen os procesos selectivos que non puideron desenvolverse regularmente como consecuencia da pandemia ocasionada polo covid-19.

Ditos procesos poderán celebrarse en distintas sedes e a súa distribución virá determinada polo número de aspirantes de cada proceso e polo enderezo reflectido na súa solicitude, así como a quenda ou a opción á que son convocadas. As sedes previstas son:

- SILLEDA: Feira Internacional de Silleda, Recinto Ferial, s/n - 36540 Silleda (Pontevedra).
- LUGO: Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, rúa Acceso Complexo Dep. Palo, s/n - 27004 Lugo

Unha semana antes da celebración de cada proceso selectivo, todas as persoas aspirantes poderán comprobar na páxina Web da Dirección Xeral da Función Pública, tanto o día de celebración do seu exercicio, a hora de chamada, a sede, o pavillón (1 ou 2) de cada sede e a porta pola que serán chamadas. **Non se permitirá cambio ningún de sede.**

A celebración de ditos procesos conta coa autorización provisional de Saúde Pública que deberá ser confirmada pola autoridade sanitaria, en función da evolución epidemiolóxica da pandemia. A confirmación será solicitada pola DXFP dez días antes da súa celebración

OEP	Proceso selectivo	Prazas convocadas	Data 1º exercicio	Hora chamamento	Lugar	Pavillón	Enderezo solicitude da persoa aspirante
2018	A1 Psicoloxía	55	20.3.2021	9.00	Silleda	1 e 2	A Coruña, Pontevedra e outras CCAA
					Lugo	1 e 2	Lugo e Ourense
2018	I-006 Psicólogo	8	20.3.2021	9.00	Silleda	2	Totalidade de aspirantes
2019	A2 Traballo Social	81	20.3.2021	16.30	Silleda	1 e 2	A Coruña, Pontevedra e outras CCAA
					Lugo	1 e 2	Lugo e Ourense
2018	II-017 Asistente/a Social	8	20.3.2021	16.30	Silleda	2	Totalidade de aspirantes
2019	A1 Superior (Libre)	133	21.3.2021	9.00	Silleda	1 e 2	A Coruña e Pontevedra
					Lugo	1 e 2	Lugo, Ourense e outras CCAA
2018	I-004 Titulado/a superior	41	21.3.2021	9.00	Silleda	2	Totalidade de aspirantes
2018	A1 Bioloxía	31	21.3.2021	16.30	Silleda	1 e 2	Totalidade de aspirantes
2018	A1 Medicina	37	21.3.2021	16.30	Silleda	1	Totalidade de aspirantes
2018	I-002 Médicos	2	21.3.2021	16.30	Silleda	1	Totalidade de aspirantes